


**JORGE MARTÍNEZ JIMÉNEZ**

Vigo, 1953.

Licenciado en Filoloxía Hispánica en Barcelona, exerce actualmente como profesor de Lingua e Literatura Galegas nun Instituto de Santiago de Compostela. Comprou destacar a súa edición e estudio introductorio de *Beira o Barbaña. Paisaxes*, obra de Francisco Álvarez de Nóvoa, editada por Edicións do Castro, Sada, 1993.





L i t e r a t u r a

# A VIDRIEIRA EMBAZADA

**“La hora del ensueño”  
Blanco Amor  
e o poeta Eduardo Álvarez**

Jorge Martínez Jiménez

Neste meu pervagar por Ourense, voume deixando ir cara ós xardíns do Posío; demorando por rúas, prazas e calexas, veño dar á que na actualidade chaman Praza de Manuel Sueiro, a antiga Plazuela de Topete polos tempos en que aí estaban os talleres e redacción do xornal *La Voz Pública*, nos primeiros decenios de século que andamos e vemos xa amortuxar. Langranean por ela tipos de ociosa e nefasta traza, a enredar, de seguro, con luxados e escuros anceios. E, abofé, que de non ser polos meus degoiros de recoñecer no presente moitas das imaxes do pasado que coma charamuscas saltan das liñas que Álvaro M<sup>º</sup> de las Casas escribira en *Dos Días en Orense* —levo as fotocopias do libro baixo do brazo, un ramalliño de magnolias apegadas ó corazón— non estaría eu hoxe a transitar por tales rueiros, mirando coa desconfiada lente do miope a esquivar, tenso, falcados ollos, aboia-dos corpos, quizais termando eles de

agullas de deletéreo pracer.

Perante o lordento espectáculo de alboios e gandallada, a negar calquera resquicio de esplendor a esta antiga praciña ourensá, vénme unha bufarada de noxo e arrepío a espurriñar na alma, e a me debuxar un rictus de violencia nos labres. ¿Onde eu vin parar, cronista sen a melancolía do nove milímetros parabellum, percorrendo ilusorios pasados que só existen en literatura que xa ninguén le? Dou en pensar no reaccionario Pereda, excelente escritor, e afloran limpas as palabras que escribira en *Sotileza*: “Interesa el ayer al comenzar a difuminarse”. Pero aquí, en Manuel Sueiro, semella que ese onte xa foi todo levado nos idoiros do tempo, e asistimos non ós inicios dunha transfiguración senón a un insultante esborrallamento de calquera vestixio digno de nobres loureiros. Porque eu ben sei que por onde hoxe discorren narcotizados regatos de miseria agóni-

ca e libidinosa, hai tempo ían ríos de entusiasmo, de poesía, de acre crónica escrita con candente pluma; ía unha enxurrada de vida e literatura, con cheiro a chumbo, nas lino típicas tintas de *La Voz Pública*. Mais, agora, non.

Agora, transeúnte eu por esta pucharca de decadencia enferma, cústame coller o pulso do lirismo que eu querría para as palabras que estou a escaravellar. Agora, con tantos rostros mal barbados como vexo, tinxidos do desacougo dos que sempre andan vixiados, case estou tentado a escribir de graxos, rillotes, garelos, marxinais, drogatas, yonquis; case estou tentado a traer ó papel toda esa historia que vai do licandor á xiringa e o limón, tentado a reparar na gafualla que non usa luva branca e está botada ó amor de cavar arreo para a propia tumba, sempre á busca de alento, e non sei se luz: lumper que habita nas máis logradas páxinas de Blanco Amor.

Mais non é a cotra desa abismal desgracia a que arestora apreixa a intención da miña pluma. Outras son as vereas que ela quere seguir. Porque neste vello recuncho das Burgas onde estou a cismar, o recordo do nome do xornal que aquí se imprimía, e que dirixía o atilado Francisco Álvarez de Nóvoa –recén chegado de Buenos Aires, no transatlántico Tubantia, do Lloyd Real Holandés, afundido en maio de 1916 por un submarino alemán–, xunto coa evocación dun xuvenil Blanco Amor, empúrranme a estrebillar no embrullo das miñas arrombadas e esquecidas lecturas, e a remexer na borra dun pretérito que hai anos empecei a reconstruír, de vagariño, en solitarias horas de hemeroteca e iniciáticas buscas bibliográficas. Velaí, logo, como, inopinadamente, eu veño rescatar dos pousos da miña memoria o título dun raro poemario que o arxentino Eduardo Álvarez (hijo) –diletante xornalista, habitual colaborador de *La Voz Pública*– dera á luz no Ourense de 1917: *La hora del ensueño*.

Aínda conservo as notas manuscritas que no seu día eu sacara deste libríño saído da ourensá imprensa de A. Otero-rúa de San Miguel, 15–, o 10 de agosto de 1917. No degrañar dos poemas, fora transcribindo algunhas das estrofas por min escollidas, xa non lembro con qué criterio. “Yo soy siempre el mismo/ trovador errante/ que vaga cantando,/ yo soy siempre el pobre/ trovero romántico”, escribía o errático modernista Eduardo Álvarez (hijo), de fugaz paso por Ourense, e que aquí deixou florido este sentido mangado de vividos poemas – “ya que yo tengo tras de cada verso una romántica historia, íntima, dolorosa o rebelde”–, presentados, nunha “Salutación cordial”, polo madrigalista Xabier Bóveda, presentados por quen

máis tarde iría ás filas do ultraísmo madrileño, e que ós ollos de Cansinos –Asséns viña ser coma “un hijo de la naturaleza pervertido por la literatura bohemia de Carrere”. E non da bohemia madrileña e americana senón da dos primeiros tempos, aquí en Auria, de Xabier Bóveda, desexaría escribir eu con máis vagar. Mais, neste meu precipitado desenlevar o ensarillado nobelo de escanastrados pasados, teño que me dar por satisfeito con constatar que a ela viría a se amecer a deste xove bonae-rense? –de estirpe española– que chegaba ás beiras do Miño con atlánticos ronseis dunha declarada bohemia de claroscueros e tristura, e non sei –non mo parece-se cun acento característico da que levaban os elegantes encanallados –“En aquellos lejanos/ días tristes del ayer,/ te adoraba con locura/ y tú adorabas mi bohemia/ mi chambergo y mi melena”–. Astolfo, en *La Voz Pública* (29/VIII/1917), comentando este primeiro libro de poemas de Eduardo Álvarez –“este libro de mis veinte años, que habla de Amor, de Dolor y de Lucha”–, deixaba esvarar o cálamo para nos presentar a este mozo poeta: “(...) era conocido por las polémicas periodísticas que en La Argentina hubo de sostener por impulso de su alma combativa./ Tuvo una vida accidentada y huida, fue bohemio por sport. Sin embargo, si hemos de creerle, pasó hambre (...). Su juventud, su cultura y



Portada e interior de “La Voz Pública”.  
Arquivo do Concello de Ourense.



su espíritu moderno y democrático le obligan a alternar el renglón corto del verso con el artículo viril, cáustico, escrito expresamente para combatir las cosas injustas y los hombres terribles”. Un *enfant terrible* era o Eduardo Álvarez, que trouxo un arranque xusticeiro, pronto a saltar, ás terras do Ribeiro, e que pagou con noventa e tantas horas de cárcere en Ribadavia por un suposto delito de lesa patria; e poida que aínda quede constancia de tal feito, consignado co avesío estilo procesal, nalgún dos deleixados libros do vulgado.

Lector de Schopenhauer e Nietzsche, o noso poeta porteño, siareiro noctívago de cafetinescas tertulias que duraban

ata o amencer, no Buenos Aires que había pouco empezara a estrear século –“Allí se hablaba de mujeres, de arte, de política, de literatura y hasta de las carreras y de los amigos”–, debeu arribar a Ourense pouco antes de que o primeiro número da revista de



Portada de  
“O Tío Marcos da Portela”.

Risco e Arturo Noguero, *La Centuria*, saíse á rúa (8/VI/1917). Daquela, veu coincidir, Eduardo Álvarez (hijo), coa chegada a esta cidade de Couceiro Freijomil, moi coñecido, este, polo alcume de O Ceregumil, que rimaba en satírica cuarteta –ivaia unha aloia!– con Freixomil, como ben recorda o xornalista Borobó. Don Antonio Couceiro viña destinado á Inspección de Ensino Primario –onde seguramente estivo empregado como porteiro, por algún tempo, o aleuto xove Eduardo Blanco Amor–, e, amais, logrou entrar, como colaborador, na Redacción do rotativo *El Diario de Orense*, dirixido por don Hermenegildo Calvelo, e a onde tamén iría parar o futuro autor de *Romances gallegos* –inicios xornalísticos que o propio Blanco Amor recrearía nun coñecido artigo do ano 1973, aparecido en *La Región* co título de “Dos recuerdos a Jaime Solá”–. Asinaba os

seus escritos de periódico, o polémico Couceiro, co pseudónimo de Fungueiriño; e a el, nas páxinas do liberal *La Voz Pública*, dirixirían dedicatorias tan garimosas, coma esta: “para ese can de palleiro que es inspector y fungueiro”.

Algunhas destas cousas son xa de libro. Cun pouco de curiosidade e atenta lectura, calquera pode retrotraerse, con máis ou menos imaxinación, ós tempos en que Eduardito, o fillo da floristera de Juan de Austria, pasaba de ser porteiro da Inspección, ou “echador” do café La Unión, a axudante na Redacción de *El Diario de Orense*. Tempos das tertulias no café Royalty –inaugurado nunha tardiña de xaneiro de 1916–; da apertura, nese mesmo ano, do cinematógrafo Café Colón, na rúa do Progreso; das sesións teatrais no Principal, coa posta en escena das obras de afectados e escarolados xoves dramaturgos, ourelados de modernismo, decadentismo e simbolismo, e que, daquela, causaban anoto en certo sector do público. Estou a pensar en Eduardo Neira Mármol –*El pecado de Adán*, de 1917– e en Villarino de Súa –*El pájaro negro*, de 1917–. Este último –que anos máis tarde se poñería ó servicio dos dereitistas intereses da CEDA de Gil Robles; e que estaba emparentado, por parte da súa dona, co coronel Primo Nóvoa Varela– fora calorosamente homenaxeado, no hotel Miño, en concorrido banquete nocturno, a fins de xuño dese ano 1917. En tal ocasión pronunciou o señor Álvarez de Nóvoa, sentado á dereita de Ramón Villarino, escollidas palabras de presentación, que mereceron aplausos de Vicente Risco, Otero Pedrayo, Primitivo Rodríguez Sanjurjo, Xabier Bóveda, e demais comensais. Sobre a prosa preciosista e lírica de Villarino de Súa, e a súa adscripción decadentista, falou Risco, que parece que foi mal interpre-

tado; véndose obrigado, posteriormente, a precisar por escrito o sentido do seu discurso, nun artigo saído en *La Voz Pública* (1/VII/1917). Insistía, Risco, en que na súa intervención para nada falara da filiación futurista da obra *El pájaro negro*. O enteirado don Vicente, que aínda non lle dera por escribir poemas futuristas, ó xeito do que titulou *U... Ju juu...*, remataba así de contundente: “Afortunadamente, ni *La Centuria*, ni Villarino de Súa, ni yo somos futuristas”.

Non sei eu se en tan eloxiante ágape estivo presente Eduardo Álvarez (hijo); anque non sería raro que si estivese, porque cos referidos oferentes debeu manter relación. E non só con eles senón tamén, entre outros, con Ceferino Valencia Nóvoa, Antonio Buján, Eduardo Blanco Amor, Noriega Varela e Eduardo Neira Mármol. O autor de *La hora del ensueño*, xunto con moitos dos citados –Vicente Risco, Neira Mármol, Xabier Bóveda, Primitivo Rodríguez Sanjurjo, Otero Pedrayo, E. Blanco Amor– e xunto con Julio A. Cuevillas, Florentino López Cuevillas, Arturo Noguero e Juan Fernández Pérez (Taxes), asinan un escrito de adhesión a López de Haro (*La Voz Pública*, 4/VIII/1917), por causa da polémica novela *Los nietos de los celtas*, que ese escritor manchego viña de publicar, e que levantara forte deboura na que tomaban parte revistas como *A Nosa Terra* e *O Tío Marcos d'a Portela*. Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas aínda non deran coa clave do enxebrismo e o atlantismo, e sumábanse á campaña en desagravio do notario da Mancha, que *La Voz Pública* estaba a levar adiante. Eduardo Álvarez (hijo) tamén escribe un encomiástico artigo sobre a referida novela (*La Voz Pública*, 1/VIII/1917). E *La Centuria* (núm. 3), da que tamén era



colaborador o poeta arxentino, non queda á marxe das proclamas: “*Los nietos de los celtas es sin duda una buena novela*”.

Ningún interés teño eu agora en entrar a fedellar no asunto ese dos defensores e detractores do devandito libro de López de Haro. De tal esquecida revoleira só quero que aquí aboien os nomes de Eduardo Álvarez (hijo) e Eduardo Blanco Amor, inseparables –no tocante ó que a min me preocupa– do xornal que dirixía Francisco Álvarez de Nóvoa.

Un apovigado Blanco Amor –enmeledado xove que empezaba a lle dar forma de poema ós naufraxios e desacougos que a súa alma deitaba– lanzábase, en clave sentimental, romántica, modernista, á crítica literaria. Un Blanco Amor que andaba a envorcar o



«...demorando por rúas, prazas e calexas, veño dar á que na actualidade chaman Praza de Manuel Suevo».

Gravado de **Conde Corbal**.


sentimento nos chamados “Poemas adolescentes” –aínda a revista *La Raza* non publicara os versos de *Epitafio*, 1918–, e que estaba atento a todo o

que Rey Soto escribía, viña a ocuparse nas páxinas de *La Voz Pública* (23 e 25/X/1917), do xuízo crítico sobre *La hora del ensueño*, de Eduardo Álvarez (hijo). Limitado, como el mesmo se vía, por “Nuestros pocos años y nuestro exiguo criterio”, isto anotaba sobre o libro do poeta arxentino: “(...) poesías (...) trazadas en el momento romántico de los veinte años; en pleno sarampión poético por el que todos pasamos, y en el que la pluma es algo así como una válvula de seguridad, como una espita de desahogo que da salida al exceso sentimental de las almas./ Por eso el libro de Álvarez está saturado de sentimentalismo (...)”.

Eduardo Álvarez deixou Ourense a fins de outubro do ano 1917. Antes de regresar á Arxentina –dende Vigo; e na compañía da súa xove esposa– demorou algún tempo en Madrid; e aí, no *rompeolas de las cuarenta y nueve provincias españolas*, conseguiu que o periódico *El Liberal* inserise unha favorable crítica do seu libro; cousa que aquí, en Galicia, xa fixeran os xornais *La Voz Pública* e *La Región*. Na cidade das Burgas deixara bos amigos; Noriega Varela, en *La Voz Pública* (6/X/1917) adicáralle o poema *En nome de Xesús*, e el, pola súa parte, en *La hora del ensueño* adicara o poema “¿Bohemio –poeta–Loco?” a Xabier Bóveda, e o titulado “Anhelos” a Eduardo Blanco

Amor. Amais, marcha para A Arxentina co nomeamento de correspondente literario, nese país, de *O Tío Marcos d’a Portela* (7/VII/1917) –alí o responsable da xestión administrativa era o ourensán Fuco Lamas, vello republicano histórico–.

Sabido é que Eduardo Blanco Amor embarca en Vigo, con destino á



Portada de “*La Centuria*”.

Cedido pola Biblioteca da Deputación.

Arxentina, a primeiros de abril de 1919. De telón de fondo está a guerra de África, cos seus sanguíentos armios de espiño e coas bandadas de corvos que, como Sender escribiría en *Imán*, “A fuerza de comer carne de soldado deben entender la mili”. A desfeita de Annual andaba a roldar e o mozo Eduardo quere refugar do cruel desatino; vai cara a novos horizontes, embebido da prosa de *Preludio a toda estética futura*, da neosofía de *La Centuria*, e do lirismo de *Les fleurs du mal* –eses amados poemas de Baudelaire, lidos na tradución de E. Marquina que lle emprestara o fillo do escritor Neira Cancela: Eduardo Neira Mármol; prematuramente finado, a principios de xaneiro de 1920, en

Madrid-. Imaxino ó esgrouviado Blanco Amor coma "L'Albatros" sobre a cuberta do navío, sen poder voar, exilado en terra, sen que o deixen camiñar as súas ás de xigante.

Agora, ó que eu veño parar é a preguntarme polos previstos contactos, con cartas de presentación, que o xove Blanco Amor, seguramente, debía portar a Buenos Aires. ¿E el levaría a idea de se dirixir ó bonaerense Eduardo Álvarez (hijo)? Nada podo dicir; pero

dos fundadores da asociación rexionalista A Terra; e director e propietario de distintos xornais-; traio o seu nome a colación porque o exemplar de *La hora del ensueño* que se conserva na biblioteca que fora de A. Vilanova -adquirida pola Deputación Provincial de Ourense- leva unha adicatoria manuscrita, de Eduardo Álvarez (hijo) a don José Barrio -asinada en Buenos Aires, a 1 de xaneiro de 1919-. Arredor da Casa de Galicia tamén debeu andar o poeta arxentino.

separar estes versos do poeta uruguaio Julio Herrera Reissig: "Y se durmió la tarde en tus ojeras".

De Eduardo Álvarez quedanos unha imaxe algo difuminada, envolta nunha calixeira de tempo ido, con ecos, quizais -¡quen agora o sabe!-, que eu caprichosamente sospeito de lírica e achulada pose lunfardesca. Nesta antiga plazuela de Topete, onde estou a cismar, o romántico trobeiro porteño preséntaseme coma un deses homes

dos que André Malraux dicía que eran "aventureros sen tumba, fascinados pola paixón do azar e reintegrados ó azar".



«Neste meu pervagar por Ourense, voume deixando ir cara os xardíns do Posío...»

Gravado de **Conde Corbal**.

a pregunta non me parece gratuíta, pois que unha das primeiras visitas que o escritor fai é ó ourensán Fuco Lamas -encargado da xestión administrativa, nesa capital, de *O Tío Marcos d'a Portela*, da que era correspondente literario Eduardo Álvarez-. Fuco Lamas e o xornalista José Barrio -oriundo de Verín- fundaran, en setembro de 1918, a primeira Casa de Galicia, que tanto frecuentaría Blanco Amor en Buenos Aires. Non é esta a ocasión para reparar en don José Barrio -un

O ilustre académico X. F. Ogando Vázquez, nas letras de "Presentación" que puxo á reedición de *La Centuria* (ed. Sotelo Blanco, 1981), anotaba: "Desconecemos a natureza de Eduardo Álvarez (hijo) que figura con unha narración en prosa, *El Raro* (núm. 3, pp. 8-9), datada en Buenos Aires, 1917". O certo é que para min -aínda despois do escrito- tamén este Eduardo Álvarez (hijo) segue a ser un descoñecido; un descoñecido que turra da miña curiosidade e do que non podo